

XANTAR NETWORKING MERCADOS & INSIGHTS

# Impulsa a túa marca. Os datos desmenten os mitos do marketing

📅 20 de xaneiro de 2023

🕒 13:00 a 15:30 h

📍 Hostal dos Reis Católicos (Santiago de Compostela)

Este evento está encamiñado a pór en valor as fontes de información en relación a análise do comportamento de mercados e consumidores nun contexto de incerteza, no que o consumo consciente, a información detallada e o propósito das marcas teñen adquirido enorme relevancia para os decisores da compra nos fogares.

A celebración deste *networking* permitirá afondar na utilidade dos datos da man de César Valencoso, experto en técnicas de investigación de mercados, quen compartirá coñecementos e experiencias que axuden a entender mellor o comportamento do consumidor e identificar novas tendencias e *insights*.

Así mesmo, o xantar favorecerá o intercambio de inquiredanzas con outras empresas do sector de alimentación e bebidas de Galicia, facilitando o debate e creación de sinerxías de cara a afrontar os retos da conxuntura económica e social que caracteriza a nosa contorna.

\* A participación no Xantar Networking require de inscrición previa (ata o 11 de xaneiro de 2023). O menú do xantar ten un custo de 45 €/persoa.

## RELATOR



## César Valencoso

Consumer Insights Consulting Director en Kantar.

Licenciado en Investigación e Técnicas de Mercado e diplomado en Ciencias Empresarias pola Universitat de Barcelona, conta con ampla experiencia na análise do comportamento do consumidor e no tratamento de datos para a toma de decisións estratéxicas.

Ademais, é autor dos libros *Impulsa tu marca* e *El Neurocomprador*.

## KANTAR

ORGANIZA



INSCRICIÓN

[FORMULARIO](#)